

Celga



2

ta: 7 de novembro de 2007
Modelo: 2a



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Data: 31 de maio de 2008
Modelo: C2/2008/A

Proba A1

Vostede traballa na cociña dun restaurante. Viu esta receita nun programa de radio e decidiu tomar nota para pasarlle ao seu compañeiro e que faga el o prato. Nun texto de 200 palabras, deberá:

- indicar o nome da receita e os ingredientes;
- redactar a elaboración da receita detalladamente;
- sinalar os consellos que dá o cociñeiro sobre este prato;
- concluír con algunha suxestión persoal para o seu compañeiro.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Nome da receita:

Ingredientes:

Preparación:

Proba A2

A súa filla adolescente ten programada unha excursión cos seus compañeiros de colexio durante a vindeira fin de semana. Como ultimamente se queixa de sentirse moi cansa, fan unha visita ao médico e este diagnósticalle mononucleose.

MONONUCLEOSE

A mononucleose infecciosa (tamén coñecida como a enfermidade do bico ou febre glandular) é unha enfermidade infecciosa causada por un virus.

Os síntomas que a caracterizan inclúen febre, farinxite ou dor de gorxa, inflamación de ganglios linfáticos e fatiga.

Recoméndase repouso e, en caso de dor de gorxa, antiinflamatorios e analxésicos.

A enfermidade transmítese fundamentalmente mediante secrecións orais (saliva). Cómpre que a persoa infectada evite os bicos e compartir vasos, culleres, garfos...

O médico autoriza que a súa filla vaia de excursión, sempre que non faga grandes esforzos que poidan fatigala e que tome a medicación que lle receita; é dicir, unhas cápsulas de ibuprofeno.

IBUPROFENO EN CÁPSULAS

Posoloxía

As cápsulas deben inxerirse cada seis ou oito horas con algún tipo de líquido (auga ou zume, por exemplo) e, preferentemente, despois das comidas.

No caso de que esqueza tomar unha cápsula cando lle corresponda, non inxira dúas xuntas na seguinte toma.

Valéndose da información coa que conta, escríballe unha nota ao profesor ou profesora que organiza a excursión. Nesa nota, de 200 palabras:

- Expoña brevemente o ocorrido, informando o profesor ou profesora dos detalles máis importantes da enfermidade que padece a súa filla.
- Autorice a asistencia da súa filla á excursión.
- Insista na importancia de que a medicación sexa inxerida do xeito adecuado.
- Conclúa, cos avisos e agradecementos pertinentes.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.